

# **COMUNICACIÓN a TÓDOSLOS TRABALLADORES de CORREOS**

## **UGT S.LIBRE CIG ELA CGT**

### **Abandonan a reunión da Mesa Sectorial**

Ante a situación dada no actual proceso de negociación do Convenio Colectivo e no Estatuto de funcionarios en Correos os Sindicatos que subscriben o presente comunicado consideran necesario expor publicamente o seguinte:

A negociación do Convenio Colectivo e do Estatuto estase desenvolvendo baixo parámetros inadmisibles para a representación sindical que ostentamos, dada a falla de transparencia e a discriminación da que estamos sendo obxecto durante este proceso.

A interpretación do diálogo social que está facendo a Dirección conculca os máis elementais principios democráticos respecto das garantías de igualdade de trato e o dereito á información que amparan ós sindicatos legalmente constituídos.

A ausencia dunha vontade negociadora real púxose de manifesto por medio dun sinfín de actitudes e feitos discriminatorios que temos denunciado reiteradamente e por separado durante todo o proceso cada un dos sindicatos que subscriben este comunicado. Esta situación insoportable determinou finalmente a necesidade dunha análise común co gallo de denunciar publicamente ante os traballadores postais a situación actual de deterioro do diálogo social en Correos.

Durante o proceso de negociación vimos constatando unha actuación sistemática, por parte da Dirección, de vulneración do principio de boa fé que debe de presidir calquera proceso negociador. O deterioro da confianza cara a parte negociadora empresarial é un feito que non podemos ocultar por máis tempo ante os traballadores dada a gravidade e as consecuencias que ten a decisión da Dirección de dar por finalizado o proceso negociador e considerar como únicos interlocutores válidos a unha parte da representación sindical.

A situación descrita reflicte unha falla de respecto absoluto ós intereses dos traballadores que representamos e conculca os mais elementais códigos de democracia laboral. Por iso, e diante da ausencia dun marco de diálogo que garanta o dereito de negociación, os representantes dos sindicatos que subscribimos o presente comunicado expresamos a nosa máis enérxica protesta mediante o abandono da reunión da Mesa Sectorial de hoxe día 6 de Xuño.

Agardamos que a Presidencia de Correos, ausente na reunión da Mesa Sectorial, reflexione sobre os feitos producidos e promova as decisións oportunas para encauzar dunha vez por todas unha situación absolutamente insostible para os sindicatos que subscriben e para os traballadores que representamos.

**Madrid 6 de Xuño de 2006**

**UGT S.LIBRE CIG ELA CGT**